

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

RESUMO PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA 2º e 4º ESO



Gloria Cruz Bao
Xefa do Departamento

1. Criterios e instrumentos de avaliación.

1.1 Criterios de avaliación.

1.2 Instrumentos de avaliación.

2. Criterios de cualificación.

3. Programación LOE mínimos.

3.1 SEGUNDO CURSO: Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.

3.2 CUARTO CURSO: Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.

1.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º DA ESO

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala amodo e con claridade.
2. Comunicarse oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, utilizando as estratexias adecuadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e adecuado á intención de comunicación.
3. Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.
4. Redactar textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
5. Utilizar o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de auto-corrección das producións propias, e para comprender mellor as alleas.
6. Identificar, utilizar e poñer exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e mostrar interese por coñecelos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O 4º CURSO DA ESO

- *ESSENTIEL ET PLUS...* acóllese aos Criterios de avaliación indicados no apartado que o Real Decreto dedica á Segunda Lingua estranxeira, sempre tomando como referencia a Primeira lingua estranxeira:

“A diversidade de posibles niveis iniciais aconsella remitir a avaliación fundamentalmente ao grao de avance que se logrou a partir da situación de partida de cada un dos alumnos. Neste sentido, os criterios de avaliación da primeira lingua estranxeira deben utilizarse como referente tanto para a determinación do punto de partida como para a do nivel final e, en función diso, do grao de avance experimentado por cada un dos alumnos.”

Os **criterios de avaliación** que recolle a normativa vixente para este Cuarto curso diso, son os que seguen:

1. Comprender a información xeral e específica, a idea principal e os detalles máis relevantes de textos orais emitidos en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
2. Participar en conversacións e simulacións utilizando estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.
3. Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados, e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.
4. Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector.
5. Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de auto-corrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar estratexias de aprendizaxe utilizadas, poñer exemplos doutras posibles e decidir sobre as máis adecuadas ao obxectivo de aprendizaxe.
7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer as relacións persoais, a través da lingua oral ou da escrita, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua estudar e a propia e mostrar respecto cara aos mesmos.

1.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para comprobar o grao de consecución dos obxectivos xerais e do logro das competencias básicas, de acordo co currículo oficial, propóñense os seguintes instrumentos:

3. En cada unidade, o apartado **Mes documents**, na liña de *apprendre a apprendre*, promove a autoavaliación e a reflexión consciente sobre a aprendizaxe.
4. Cada dúas unidades, un control propón unha avaliación formativa e asegura a verificación de adquisicións puntuais referidas aos temas traballados.
5. Para regular a aprendizaxe, o método propón numerosas actividades de heteroavaliación nas que os alumnos escoitan e valoran as producións orais e escritas dos seus compañeiros, e realizan actividades de mediación informal con obxectivo lingüístico, comunicativo, ou coa finalidade de comprender as diferenzas e admitir formas de vida e comportamentos culturais outros que os propios.
6. Na unidade titulada **Révision**, a actividade *Le grand jeu de français* esperta nos alumnos a consciencia do camiño percorrido e da aprendizaxe que realizaron ao longo do curso.
7. Numerosos *dotados para colorear, actividades fotocopiables e actos de fala* permiten avaliar a comprensión oral.
8. A última unidade do libro (denominada **Révision**) propón unha avaliación global con itinerarios persoais de elección e repaso das actividades traballadas ao longo do curso.
9. Ao final do libro do alumno engádense tres seccións: **Testons l'oral** (avalía a expresión oral de modo lúdico), **La grammaire** e **Les verbes**, que son páxinas de ferramentas que axudan aos alumnos a detectar e solucionar problemas puntuais na comunicación oral e escrita, e que serven ao profesor para avaliación continua da aprendizaxe.
10. Ao final do caderno de actividades, seis páxinas de léxico (organizado por unidades) fan as veces de primeiro dicionario monolingüe e avalían a aprendizaxe de termos, estruturas e vocabulario.

No material complementario anéxanse dous **contrôis globais**, un para a convocatoria ordinaria e outro para a extraordinaria.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Como sempre valorarase o traballo diario na aula (5%), o traballo na casa (5%), a pulcritude do “Portfolio” de francés (5%), a actitude fronte á asignatura e o comportamento (5%), así como as probas escritas e orais realizadas por cada trimestre (80%).

3. MÍNIMOS ESIXIBLES

Todos os contidos mínimos poden ser consultados polos alumnos no Departamento de Francés así como na páxina web do IES Ferrol Vello en calquera momento que o requiran.

2º ESO

Bloque 1. escoitar, falar e conversar

- Comprensión de mensaxes orais de complexidade progresiva, articuladas con claridade e con pausas, para realizar actividades da aula.
- Comprensión de textos orais de dificultade crecente, conectados cos seus intereses (diálogos, anuncios, información meteorolóxica, localización de persoas, de obxectos ou de lugares) en soporte audiovisual e multimedia, para extraer información global e algunha específica.
- Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos (ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira) necesarios para a comprensión e a expresión oral.
- Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación (conversas telefónicas, pedimentos, presentación dun mesmo e presentación doutras persoas, compravenda, identificación de persoas, obxectos e lugares) dando respostas verbais e non verbais que supoñan unha escolla entre un repertorio cada vez máis amplo de posibilidades, en contextos cada vez menos dirixidos.
- Emprego das convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, respectar as quendas de palabra, contacto visual, actitude positiva e adecuación da resposta á intervención doutras persoas.
- Emprego de estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral usando o contexto visual e non verbal e, tamén, os coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos dende as linguas que coñece á lingua estranxeira e solicitando repeticións para garantir a comprensión.
- Avaliación positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira, como instrumento para comunicar e coñecer outras culturas.

Bloque 2. Ler e escribir

- Asociación da grafía, da pronuncia e do significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas. Consolidación de asociacións grafía-son nas mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.
- Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas de personaxes de interese, bitácoras, instrucións de xogos, mensaxes de correo, narracións de sucesos, historias curtas,...) en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para empregar información global, no desenvolvemento dunha tarefa ou dun proxecto.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas, solicitadas previamente, en diferentes textos sinxelos, preferiblemente auténticos, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas adaptados á súa idade, que introduzan aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua aprendida.
- Iniciación no coñecemento e no uso das estratexias básicas para producir textos (persoa destinataria, finalidade, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda.

- **Bloque 3. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe**

Respecto dos coñecementos lingüísticos, e para o segundo curso, este bloque aborda os seguintes contidos:

1. Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no emprego da lingua, coma o substantivo, o verbo, o adxectivo, o adverbio, a preposición, e de nexos básicos de adición (*e, o, tamén*)
2. Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas relativas ao tempo meteorolóxico, aos gustos, á localización espazo-temporal, e mais de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns de prioridade inmediata (comida e bebida, actividades cotiáns e de ocio, o corpo, a cidade, o estado físico...).
3. Identificación de antónimos básicos de uso adoito.
4. Recoñecemento e pronuncia intelixible de fonemas básicos.

Respecto da reflexión sobre a aprendizaxe, este bloque aborda os seguintes contidos para o segundo curso da ESO.

- Ampliación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e empregar léxico.

- Emprego de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia: memorización, identificación de necesidades, inferencia.
- Uso de estratexias para producir lingua axeitadamente: repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
- Reflexión sobre o emprego e o significado das formas gramaticais axeitadas ás distintas intencións comunicativas.
- Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e no uso de estratexias de autocorrección.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa nas actividades e nos traballos de grupo.
- Confianza e iniciativa para se expresar oralmente e por escrito.

Bloque 4. Dimensión social e cultural

- Recoñecemento e avaliación da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.
- Identificación e respecto polos costumes e polos trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.
- Iniciación na competencia intercultural mediante a identificación de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparándoos cos das culturas do alumnado, analizándoos, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura propia.
- Avaliación do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
- Respetto pola cultura da lingua estranxeira en comparanza coa propia, ata acadar unha conciencia intercultural que supere os estereotipos.

4º ESO

Bloque 1: escoitar, falar e conversar

- Comprensión de textos emitidos dentro da aula, relacionados coas actividades habituais, e de textos curtos gravados ou emitidos en soporte multimedia e articulados cunha claridade, un ritmo e unha acentuación estándar.
- Obtención de información xeral de textos orais auténticos, gravados e en soporte multimedia, que conteñan vocabulario relativo a lugares, a persoas, a obxectos, a acontecementos e a accións ligados a temas de conversa adoitados nesa idade escolar.
- Participación activa en situacións reais de comunicación ou simuladas, empregando expresións cada vez máis complexas, baseadas en modelos e en estruturas lingüísticas coñecidas (para falar da familia, doutras persoas, das actividades diarias, dos gustos, de lugares e de obxectos), cunha estrutura lóxica, que non impida a comunicación.
- Participación en conversas espontáneas relacionadas coas actividades da clase e en simulacións sinxelas e comúns con todo tipo de interaccións (parellas, grupos, equipos) dentro da aula, narrando historias ou describindo acontecementos, persoas e lugares, plans e citas, coa pronuncia e coa entoación axeitadas para conseguir a comunicación, colaborando co interlocutor para facilitarlle a comprensión e empregando axeitadamente os conectadores básicos necesarios para garantir a cohesión e a coherencia do discurso.
- Uso de rutinas ou de modelos de información que o destinatario vai recoñecer como narración, descrición ou instrucións.
- Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, coa finalidade de facer o texto comprensible para un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira.
- Valoración das linguas como medio para se comunicar e relacionar cos compañeiros e coas compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal que nos permite coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.

Bloque 2. Ler e escribir

- Comprensión de instrucións, de indicacións e mais de comentarios sinxelos sobre os traballos escritos do alumnado.

- Comprensión da información xeral de textos, en soporte papel e dixital, auténticos, curtos, que conteñan vocabulario frecuente sobre temas cotiáns de interese xeral, que transmitan aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira e relacionados con contidos básicos doutras áreas do currículo.
- Análise da estrutura, do contido, do léxico e das estruturas sintácticas dun texto para identificar de que tipo se trata: literario, informativo, científico etc., distinguindo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e de coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema).
- Uso de diferentes estratexias de lectura, como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), uso do contexto e de dicionarios ou aplicación das regras de formación de palabras para inferir significados e por comparanza de palabras ou frases semellantes nas linguas que se coñecen.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información, co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.
- Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, utilizando elementos de cohesión máis complexos, conectores, substitucións léxicas, mantemento de tempo verbal etc., para marcar con claridade a relación entre as ideas e utilizando axeitadamente a ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
- Uso de diversas estratexias de expresión como a planificación segundo o destinatario e o tipo de texto -descritivo, narrativo, instrutivo- que se corresponda coa intención de comunicación; a xeración de ideas mediante a creación de listaxes, esquemas, chubias de ideas colectivas...; a estruturación do texto, organizando as ideas en parágrafos e encadeándoos logo cos marcadores temporais e lóxicos necesarios, segundo o tipo de texto; a localización de recursos, coma os dicionarios, e a revisión do texto nos aspectos relativos á ortografía, á puntuación, á orde das palabras e aos tempos verbais.
- Presentación coidada dos textos escritos en soporte papel e dixital -uso de marxes, espazos entre os parágrafos, maiúscula ao comezo do apartado, guións nos diálogos- utilizando as regras básicas de ortografía e puntuación e avaliando a súa importancia nas comunicacións escritas.
- Comprensión do sentido dun texto, desverbalización - desligándose da formulación lingüística orixinal - e reexpresión do sentido na propia lingua, explicándollo a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer que o texto sexa comprensible e de garantir a relación fluída entre os falantes e as culturas.

Bloque 3. Coñecementos da lingua

Coñecementos lingüísticos:

- Uso de elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio; pronomes, preposicións, conectadores, ordenadores do discurso, de comezo e de conclusión, de explicación –é dicir, isto é...- de resumo, causa-efecto, exemplificación e condición) que permitan recoñecer, formular e organizar os enunciados e as mensaxes.
- Uso de expresións adoitas e de locucións idiomáticas, frases feitas, circunlocucións e léxico sobre temas pertinentes para a súa vida cotiá e sobre temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Uso de antónimos, sinónimos e falsos amigos, substitución léxica sinxela e formación de palabras a partir de prefixos e de sufixos.
- Uso de estruturas lingüísticas e de funcións comunicativas asociadas a diferentes contextos propios da idade dos alumnos.
- Uso de esquemas textuais básicos relativos a textos narrativos, descritivos e instrutivos.
- Recoñecemento e produción autónoma e intelixible de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e de frases.

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e empregar o léxico.
- Uso autónomo de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos, a súa integración na propia competencia e o seu reemprego: memorización, percepción de diferenzas e semellanzas entre as linguas coñecidas, transferencia.
- Uso de estratexias para producir lingua axeitadamente mediante estratexias de combinación: reconstruíndo o significado dunha secuencia ou ampliándoa, reformulándoa con elementos coñecidos.
- Organización e uso de recursos para a aprendizaxe, coma os dicionarios, os libros de consulta, as bibliotecas, os recursos dixitais e informáticos.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante a comparación; contraste coas linguas que coñece o alumnado mediante a dedución das regras de análise da lingua estranxeira.
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e emprego de estratexias de autocorrección.

- Valoración da capacidade persoal para progresar no coñecemento e no emprego da lingua.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e nos traballos individuais e cooperativa nos de grupo.
- Confianza e iniciativa para expresar oralmente a escritura.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Valoración da importancia da lingua estranxeira en todos os eidos das relacións internacionais.
- Identificación das características máis significativas dos costumes, das normas, das actitudes e dos valores da sociedade da que se está a estudar a lingua.
- Obtención da información sobre estes aspectos en diferentes medios, entre eles na biblioteca, na prensa, na Internet e noutras tecnoloxías da información e da comunicación.
- Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando o soporte papel ou os medios dixitais ou as tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos.
- Valoración do enriquecemento persoal que supoñen a relación e a comunicación con persoas pertencentes a outras culturas.
- Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a ela, evitando actitudes etnocéntricas.